



Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Asociación Foro Enrique Peinador, para actuacións de normalización e dinamización lingüística.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral da Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Lingua formalizará coa Asociación Foro Enrique Peinador, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua e a Asociación Foro Enrique Peinador para implantar e fomentar o uso do galego na actividade empresarial e, para facerlles chegar aos empresarios galegos a importancia e o compromiso de todos os galegos coa promoción e dignificación da nosa lingua.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co que dispoñen o Estatuto de autonomía para Galicia e a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, a responsabilidade de levar a cabo as medidas necesarias para acadar a normalización plena da lingua galega correspóndelle ao Goberno galego, que deberá garantir o seu uso como lingua cooficial e adoptar as medidas oportunas para o seu fomento.

As dúas entidades son conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e



empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude considera esencial apoiar iniciativas que respondan a obxectivos de interese social e que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega especialmente no ámbito en que desenvolve a súa actividade a Asociación Foro Enrique Peinador, xa que, no sector empresarial se necesitan implantar unha serie de medidas para estender a presenza da lingua galega, así como para conseguir a súa proxección mediática en todas as relacións e ámbitos sociais.

Que pola singularidade do seu obxecto, que persegue unicamente obxectivos de utilidade pública, polas características das actividades que se desenvolven ao abeiro do convenio e por ser a citada entidade a única destas características en Galicia, non resulta posible promover a concorrência para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada a sinatura dun convenio, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase telematicamente esta memoria, en Santiago de Compostela

